

**PROCESO SELECTIVO ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL (DÚAS PRAZAS)  
DERIVADO DA EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO  
DE VIGO DOS ANOS 2017-2018-2019 (2ª FASE), POR QUENDA LIBRE****ANUNCIO PREVIO Á REALIZACIÓN DO 1º EXERCICIO****CHAMAMENTO ÚNICO E ACCESO**

O primeiro exercicio terá lugar o día 7 de febreiro do 2022 no andar 5º da UNED sita no Palacio de Congresos Mar de Vigo, ás 12.00 h.

O chamamento único producirase na porta lateral de acceso da dita edificación, sita na fachada lateral con fronte á rúa Juan Ramón Jiménez (próxima á zona porticada). As persoas aspirantes deben agardar no espazo público exterior e non accederán ás instalacións ata ser chamadas.



Na imaxe: **porta de acceso na que levaranse a cabo o chamamento único.**

Deberán comparecer provistas do seu DNI ou documento oficial fidedigno acreditativo da súa identidade e dun bolígrafo. Lémbrese o uso obrigatorio de máscara en todo momento, impedíndose o acceso noutro caso.

O exercicio practicarase en chamanento único. Para facilitar o proceso de identificación, a persoa aspirante ensinará o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento.

**PROHIBICIÓN DE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS**

Durante o desenvolvemento da proba, non se permitirá o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro material ou dispositivo do cal se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Deberán permanecer en todo momento apagados ou desconectados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/01/2022 09:52	Páxina 1 de 2
39124-220	CSV: AHAHA8-38C2C8-E1B7C2-GW8W9R-JLG1QE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO****XUSTIFICANTES DE ASISTENCIA**

Quen precise un certificado de asistencia, deberá solicitalo por correo electrónico ao enderezo [ofi.persoal@vigo.org](mailto:ofi.persoal@vigo.org) e recibirá igualmente por este medio o certificado correspondente.

**XEL HIDROALCOHÓLICO E MÁSCARA NO MOMENTO DO ACCESO**

Logo da identificación da persoa aspirante, indícaráselle que lave as mans con solución hidroalcohólica e a continuación lle será entregada unha máscara hixiénica ou cirúrxica para garantir que todas son conformes á normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. O/A participante retirará a que leva posta, colocará a que se lle entrega e desinfectará novamente as mans. Haberá unha papeleira con bolsa de lixo para que os/as participantes poidan tirar a que levaban posta se o desexan. Se quere conservar a que leva posta deberá ter previsto como gardala para non atrasar o chamamento.

**OUTRAS NORMAS**

Lémbrese a importancia de aplicar as medidas de protección fronte ao contaxio da COVID-19 en procesos selectivos no Concello de Vigo contidas no anuncio publicado o día 19.01.2022 na web municipal.

Ningunha persoa acudirá á realización da proba se está en corentena por ter sido contacto estreito dunha persoa con síntomas ou diagnosticada coa COVID19 segundo as indicacións das autoridades sanitarias ou foi ela mesma diagnosticada como positiva en COVID19 e non finalizou o período de illamento ou presenta síntomas compatibles coa COVID19 (sendo febre alta, tos seca e falta de aire os máis comúns).

Vigo, na data da sinatura electrónica

A presidenta

Carla Candia Paz

A secretaria

Lorena López Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 31/01/2022 09:52	Páxina 2 de 2
39124-220	CSV: AHAHA8-38C2C8-E1B7C2-GW8W9R-JLG1QE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		